



DEPUTACIÓN OURENSE

PRESIDENCIA



DEPUTACIÓN OURENSE
Registro Xeral

14 ABRIL 2020

Nº ENTRADA

Nº SAIDA

2020008350

En contestación á petición de data 30 de marzo na que solicita “Copia do grabación da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense celebrada a través de medios telemáticos o día 27 de marzo ás 10:00 horas” , achégolle copia da acta da Xunta de Goberno de data 27 de marzo, indicandolle así mesmo, que as actas están sempre a súa disposición no seguinte enderezo de transparencia :

<https://www.depourense.es/index.php/plenos-e-convocatorias/category/731-xunta-goberno>

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 13 de abril de 2020

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 27 de marzo de 2020**

Na data do vinte e sete de marzo do ano dous mil vinte, ás dez horas e quince minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Luz Doportó Real

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MARZO DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do

borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de marzo de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobado a acta da sesión ordinaria do día 16 de marzo de 2020, conforme co

borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2020, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS 2/POS/2020 E 115/POS/2020, NO TERMO MUNICIPAL DE AMOEIRO.-

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión do día 31 de xaneiro de 2020, acordou a aprobación definitiva do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020.

O Concello de Amoeiro presentou un escrito solicitando a modificación dos investimentos incluídos no plan para a súa execución no respectivo termo municipal.

O Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio presentou un informe favorable no que atinxe á referida modificación, tendo en conta o disposto na base 4ª relativa ás modificacións en obras municipais para tramitar con posterioridade á aprobación definitiva.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:**

1. Modificar o Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020 no relativo ao Concello de Amoeiro, incorporando ao plan principal –en substitución da obra denominada “Mellora de viais en varios núcleos”, cun orzamento total de execución de 96.000,00 €- a obra denominada “Mellora de viais en varios núcleos”, co número 2/POS/2020, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €, contando unicamente coa achega da Deputación de 48.000,00 €.

2. Modificar o Plan (complementario) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2020 no relativo ao Concello de Amoeiro, incorporando ao plan complementario –en substitución da obra denominada “Construción de gardería pública de Amoeiro”, cun orzamento total de execución de 96.000,00 €- a obra denominada “Construción de gardería pública de Amoeiro”, co número 115/POS/2020, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €, contando unicamente coa achega da Deputación de 48.000,00 €.

3.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDU.-

A Área de Benestar, con data 13 de marzo de 2020, emitiu un informe en relación coas solicitudes conformes presentadas á convocatoria de subvencións para proxectos empresariais e de

autoemprego en concellos rurais de menor poboación, no marco do proxecto emprendOU, financiado polo programa operativo de emprego xuvenil do fondo social europeo (axudas EMP-POEJ) (BOP n.º 121, do mércores día 29 de maio de 2019).

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1. Concederlle a subvención ás persoas identificadas e pola contía indicada a continuación:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
1	ISABEL DIAZ FERNANDEZ	***3061**	XINZO DE LIMIA	COMERCIO AO POR MAIOR FROITAS E VERDURAS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	675€ (os 3 primeiros meses) e 712,50€ (os seguintes)
2	YAGO ARAUJO VAZQUEZ	***9175**	CENLLE	ELABORACION E CRIANZA DE VIÑOS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
3	LETICIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	***6928**	RIBADAVIA	ESTUDIO ARQUITECTURA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
4	ALVARO DOCAMPO GACIO	***3542**	RUBIÁ	SERVIZOS FORESTAIS, PESCA E ACUICULTURA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
5	MARTA CASARES NOGUEIRA	***3452**	O IRIXO	OUTROS PROF. RELAC. COMERCIO E HOSTELERIA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
6	SILVANA CASARES NOGUEIRA	***3453**	O IRIXO	SERVIZOS DE LIMPEZA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
7	TAMARA GARCIA TEIXEIRA	***3585**	O IRIXO	DOCENTES ENSINANZA XRAL. BÁSICA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
8	MIRIAN BARREIRA MARTINEZ	***3363**	O BOLO	CAFÉ BAR	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	675€ (1 mes e 3 días) e 712,50€ (os seguintes)
9	LAURA REGUEIRO CAMPOS	***3555**	XINZO DE LIMIA	OPTICOS - OPTOMETRISTAS E PODOLOGOS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
10	LUCAS DOCAMPO GACIO	***3542**	RUBIÁ	SERVIZOS FORESTAIS, PESCA E ACUICULTURA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
11	ADRIA CARRILLERO GUARDIOLA	***7663**	VILARIÑO DE CONSO	CULTIVO DE OUTROS ARBORES E ARBUSTOS FRUTAIS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
12	ALVARO GAGO AFONSO	***2944**	RIOS	FONTANERIA	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
13	IRENE GIMENEZ CHAMORRO	***8581**	MACEDA	EXPLOTACIÓN DE CABALOS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€

4.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB OURENSE ATLETISMO PARA PARTICIPACIÓN DE ATLETAS VETERANOS NO CAMPIONATO DO MUNDO DE ATLETISMO EN PISTA AO AIRE LIBRE CELEBRADO EN MÁLAGA DO 4 AO 16 DE SETEMBRO DE 2018.

- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución e do orzamento do exercicio 2019, e con cargo á aplicación 341.11/482.10, prevíase unha subvención nominativa, por importe de 3.000,00 euros á Club Ourense Atletismo para participación Atletas veteranos C. mundo.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, na que figura o orzamento do gasto por importe de 3.000,00 euros, cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, así como da presentación do programa da actividade para realizar.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención ao Club Ourense Atletismo, nos seguintes termos:

- **Importe:** 3.000,00 €.
- **Obxecto:** participación de atletas veteranos no campionato do mundo de atletismo en pista ao aire libre celebrado en Málaga do 4 ao 16 de setembro de 2018.
- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun gasto por contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de

base para a valoración da subvención (3.000,00 €). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención. Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificada do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- **Condições especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:**

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manfeste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a

desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

5.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA PARA EQUIPAMENTO E ADECUACIÓN INTERIOR DO CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS.

- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do actual orzamento do ano 2019, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 48.000,00 euros a favor do Concello de San Cristovo de Cea, para equipamento e adecuación interior do Centro de Iniciativas Empresariais.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, así como da presentación do programa da actividade para realizar.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:**

Aprobar unha subvención ao concello de San Cristovo de Cea, nos seguintes termos:

- **Importe:** 48.000,00 euros.
- **Obxecto:** equipamento e adecuación interior do Centro de Iniciativas Empresariais.
- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:
 - 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
 - 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
 - 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado (48.399,99 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 2 de novembro de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- **Condições especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:**

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manifieste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

6.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE BANDE PARA REHABILITACIÓN DE VIVENDAS UNIFAMILIARES ADOSADAS Nº 4, Nº 5 E Nº 6 (ANTIGAS VIVENDAS DE MESTRES).

- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2019, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 34.000,00 euros a favor do Concello de Bande para “recuperación de vivendas sociais”.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada pola alcaldesa do

mencionado concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

Aprobar unha subvención ao Concello de Bande nos seguintes termos:

- **Importe:** 34.000,00 euros.

- **Obxecto:** rehabilitación de vivendas unifamiliares adosadas nº 4, nº 5 e nº 6 (antigas vivendas de mestres).

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado (145.200,02 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que está conforme coa ordenación urbanística aplicable e que dispón das autorizacións sectoriais oportunas, de ser o caso estas últimas.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que

a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 2 de novembro de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- **Condições especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:**

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manifieste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

7.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE, CORRESPONDENTES

AO ANO 2019.- No Pleno, con data 27 de setembro de 2019, acordouse aprobar o expediente nº 4/2019 de modificación das bases de execución e do orzamento do exercicio 2019, e con cargo á aplicación 432.11/467.01, prevíase unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra para gastos de funcionamento.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a tramitación do expediente e de conformidade coa proposta da Presidencia, a **Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:**

Aprobar unha subvención ao Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, nos seguintes termos:

- **Importe:** 25.000,00 €.

- **Obxecto:** gastos de funcionamento da entidade, correspondentes ao ano 2019.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado (25.000,00 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 2 de novembro de 2020, sen prexuízo do establecido na condición especial c) seguinte.

- **Condicións especiais de aplicación derivadas da aplicación do establecido na Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID – 19:**

O presente acordo de concesión de subvención adóptase ao tratarse dun acto administrativo favorable ao interesado adoptado nun procedemento non competitivo, ao abeiro do disposto no apartado 3 da Disposición Adicional 3ª do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, requirindo para a súa validez e eficacia da conformidade do interesado.

Polo exposto, o presente acordo queda suxeito ás seguintes condicións especiais:

a) O acordo non producirá efectos ata que o interesado manfeste a súa conformidade, comunicada mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico da Deputación ou mediante correo electrónico a subvencions@depourense.es. Non obstante, a conformidade entenderase prestada coa presentación da conta xustificativa ou coa solicitude de pagamento anticipado ou de pagamentos parciais a conta, sen necesidade de que se presente o escrito específico de conformidade.

b) Se o interesado manifesta a súa desconformidade no prazo de dous meses dende a finalización do estado de alarma, esta terá o carácter de condición resolutoria da concesión, quedando esta sen efecto. Transcorrido este prazo sen que o interesado comunicase a desconformidade ou a conformidade, o acto de concesión entenderase válido e eficaz en calquera caso, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación.

c) O prazo de xustificación concedido poderá ampliarse por un período de tempo idéntico ao de duración do estado de alarma contado a partir da data de notificación deste acordo, a pedimento do interesado e sen necesidade de alegar causa xustificativa.

Adicionalmente, poderá prorrogarse tamén por causa de forza maior, a pedimento do interesado, por un tempo que non exceda en total da metade do prazo inicial concedido, computando a estes efectos a ampliación polo período do estado de alarma.

9.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e sete de marzo do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

O Secretario Xeral
Documento asinado electrónicamente
mediante actuación administrativa
automatizada.
30/03/2020